

Expediente IET: P-21-868
Proxecto: Parque eólico O Sobredo
Concello: Arbo (Pontevedra)
Promotor: Parque eólico O Sobredo, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 12/09/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico O Sobredo.

1. Antecedentes:

Con datas do 19/01/2022, 20/06/2022 e 07/10/2022, o IET emitiu informes sobre este proxecto no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Informe:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito de resposta da empresa promotora ao informe do IET do 07/10/2022 e unha adenda ao estudo de impacto e integración paisaxística. Neste documentos maniféstase que se introducen no proxecto os seguintes cambios: eliminación do aeroxerador 3 e o seu vial de acceso, traslado do aeroxerador 4 50 metros cara ao sueste (para respectar unha zona de protección arqueolóxica), modificación da gabiá de condutores de media tensión que conectan o aeroxerador 1 co 4 discorrendo paralelo aos viais existentes, e substitución do modelo de



aerogeneradores de 3.6 MW de potencia por 4.5 MW, mantendo as dimensións de altura de buxa e diámetro rotor.

Os anteditos cambios dan unha resposta adecuada ás observacións que expresaba o informe do IET de 07/10/2022.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

